



### **Veciñanza volve pedirle ao Alcalde que faga públicas as contas da organización das festas patronais**

*Foi unha das cuestións polas que o Grupo Municipal de Veciñanza se interesou no pleno do pasado xoves. Esta solicitude xa fora feita a finais do mes de agosto. É unha esixencia elemental en materia de transparencia, tal e como fixeron as organizacións de anos anteriores.*

Cuntis, 6 de outubro. Unha das cuestións que na quenda de rogos e preguntas plantexou Veciñanza no pleno do pasado xoves foi a necesidade de que o Goberno Local presente e faga públicas as contas da organización das festas patronais de Cuntis. **Este ano asumiu o propio Concello, co Alcalde á cabeza, a organización das festas e, tal e como foi costume en anos anteriores, nos que os/as responsables da organización das festas facían público o detalle de gastos e ingresos, é imprescindible que os/as veciños/as de Cuntis saiban como e en que se gastaron os cartos de todos/as.** Esta solicitude xa foi rexistrada formalmente no Concello, pero á vista de que non houbo novidades, Veciñanza insistiu nesta cuestión no pleno do pasado xoves.

A sensación que este ano deixaron as festas patronais entre os veciños e veciñas de Cuntis non foi nada positiva. Foron habituais as queixas pola escaseza da programación e a calidade das verbenas. Neste sentido, Veciñanza presentou un conxunto de medidas para volver a recuperar o esplendor que no seu día acadaran unhas festas que chegaron a ser referencia mesmo máis alá da comarca.

Por unha cuestión elemental de transparencia, é de agardar que o antes posible os veciños/as poidan coñecer o custe das festas patronais, os gastos, os ingresos e o saldo final. Veciñanza seguirá a insistir nesta cuestión, e confía en que o Alcalde non demore moito máis esta cuestión. **Tal e como os veciños/as recibiron nos seus fogares un bando informativo no que se lles indicaba a conta bancaria na que podían realizar as súas aportacións, é de xustiza que reciban outro que os informe de a onde foron parar esas achegas.**

